

ACTA 7/20

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 6 DE XULLO DE 2020 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as trece horas do día 6 de xullo de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.^a Iria Otero Romero

D.^a María López Álvarez

D.^a Uxía Lemus de la Iglesias

D. Roberto Moñino Gil

Non asiste, previa escusa:

D.^a M^a Josefa Argibay da Silva

Secretaria: D.^a Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

- 1. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (Nº 340/2020) DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA DA XGL E NON DIVISIÓN EN LOTES DE INVESTIMENTOS**
- 2. LICENZAS URBANÍSTICAS**
- 3. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE ICIO A D. MARCIAL MEJUTO CORTIZO**
- 4. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAL A D.^a SILVIA FERNÁNDEZ MANEIRO**
- 5. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE DO CONCELLO DE TEO. CURSO ACADÉMICO 2019/2020**

6. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN “REURBANIZACIÓN NÚCLEO SESTELO, RARÍS. POS+2019 (O-7/2020)”
7. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN “SENDA PEONIL ENTRE SAN DOMINGOS E CENTRO DE SAÚDE DE FOLGUEIRAS, CALO (POS+ 2019) (O-10/2020)”
8. PROPOSTAS DA ALCALDÍA
9. ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (Nº 340/2020) DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA DA XGL E NON DIVISIÓN EN LOTES DE INVESTIMENTOS

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da resolución da alcaldía de 3 de xullo de 2020 (res. 340/2020), que se recolle a continuación:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: DELEGACION COMPETENCIAS XGL

EXPEDIENTE: 2020/G003/000636

Considerando que, ante a situación de crise sanitaria motivada polo COVID-19 e a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, mediante Decreto da Alcaldía do 16 de marzo de 2020 (nº 265/2020), resolveuse suspender a convocatoria e sesións de todos os órganos colexiados do Concello de Teo, entre eles a Xunta de Goberno Local.

Considerando que, co fin de non provocar a paralización da actividade administrativa que, de acordo coa disposición adicional terceira do RD 463/2020, se puidera seguir realizando, mediante Decreto da Alcaldía do 28 de abril de 2020 (res. 370/2020), resolveuse avocar as competencias delegadas na XGL mediante Decreto da Alcaldía de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019), corrixido mediante Decreto da Alcaldía da mesma data (res. 526/19).

Considerando que, nunha situación como a provocada polo COVID-19, co propósito de adoptar as medidas que garantiran a eficacia e eficiencia na realización de actuacións administrativas no departamento de urbanismo, mediante Decreto da Alcaldía de 4 de maio de 2020 (res. 377/2020), resolveuse delegar en D.^a Uxía Lemus de la Iglesia, concelleira de urbanismo, seguridade cidadá, enerxía e sostibilidade, a atribución referida ao outorgamento de licenzas urbanísticas, incluída a resolución dos recursos de reposición contra os actos ditados no exercicio das atribucións delegadas, durante a vixencia do estado de alarma.

Considerando que o contexto actual e as circunstancias da denominada “nova normalidade” permiten, coa adopción de todas as medidas oportunas, a celebración das sesións dos órganos colexiados, entre eles as Xuntas de Goberno Local.

Considerando que de conformidade co disposto nos artigos 5.3, 6, 7 e 10 do ROM, artigos 21.3 e 23.2.b) da LRBRL, artigos 43 e 44 do R.D 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas na Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o alcalde pode delegar o exercicio das súas atribucións coas limitacións establecidas nos artigos citados.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa citada,

RESOLVO:

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno local as mesmas atribucións que foran obxecto de delegación mediante Decreto da alcaldía de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019), que se detallan a continuación:

1.- Os contratos de obras, de subministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais cando o seu valor estimado non supere o 10 por cen dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do

orçamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada, reservándose o alcalde a facultade de contratar cando nas mesmas condicións o valor estimado non supere os 200.000 euros.

2.- Os contratos privados e a adxudicación de concesións sobre os bens da Entidade local cando o orzamento base de licitación non supere o 10 por cen dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, reservándose o alcalde a facultade para adxudicar cando nas mesmas condicións o citado orzamento non supere os 200.000 euros.

3.- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación e estean previstos nos orzamentos.

4.- A concesión de licenzas, salvo que as leis sectoriais llas atribúan expresamente ao Pleno, reservándose o alcalde a competencia para o outorgamento das licenzas de utilización das vías públicas mediante a entrada de vehículos a través de beirarrúas e por reserva da vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

5.- A concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva e distribución de cantidades con cargo ás partidas que figuren no orzamento.

Segundo.- A alcaldía, en calquera momento, poderá asumir as atribucións delegadas na presente Resolución sen prexuízo da súa avocación conforme á lexislación de procedemento administrativo común.

Terceiro.- Notificar persoalmente aos membros da Xunta de Goberno Local, aos efectos do artigo 114 do ROF que esixe, para á eficacia da delegación, a súa aceptación por parte da delegada, entendéndose tácitamente aceptada se no termo de tres días hábiles non fai manifestación expresa ante o órgano delegante de que non acepta a delegación.

Cuarto.- Dar traslado do presente aos departamentos municipais, para o seu coñecemento e efectos oportunos, e procédase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, na web municipal, na sede electrónica, no portal de transparencia e no taboleiro de edictos do concello, sen prexuízo de que surta efectos dende o día da súa data.

Quinto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.”.

Os membros presentes da Xunta de Goberno Local danse por enterados.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A ANA LUCIA LÓPEZ PIMENTEL, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Cornide, nº 68, parroquia de Calo, R.C.: 15083D508012710000MI, (Expte. electrónico 2019/U022/000023), segundo proxecto redactado polo arquitecto Francisco Xabier Liñares Tuñez.

Expediente núm: **19/2020**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Francisco Xabier Liñares Tuñez, visado no colexio oficial de arquitectos con datas 26.09.2019 e 10.01.2020.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie de 341,00 metros cadrados, asinado pola sra. López.

-Figura no expediente xustificante de ingreso a Augas de Teo en concepto de acometida abastecemento (3079/20).

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

-Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuran no documento de cesión asinado pola promotora.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
 - Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
 - Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
 - Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
 - Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
 - Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
 - Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.
- .- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:
- a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.
 - b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.
 - c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.
 - d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.
 - e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.
 - f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:

- Clasificación do solo: ORDENANZA N2, Núcleo rural expansión
- Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR
- Arquitecto/a director/a das obras: Francisco Xavier Liñares Tuñez
- Arquitecto/a técnico/a director/a: J. Castror Campos Rodríguez
- Coordinador/a de seguridade e saúde: J. Castror Campos Rodríguez
- Edificabilidade: 0,11 m²/m²
- Altura máxima: B 4,80 m.
- .Posición da edificación:
 - Ocupación máxima: 13,30 %
 - Recuamento á aliñación: >3,00 m
 - Recuamento a lindeiros: >3,00 m

Pendente máxima de cuberta: <30°

Altura do cumio: <4,00 m.

Aproveitamento baixo cuberta: Non

Prazas de aparcamento: 2 praza/viv.

-Presuposto: 99.084,97 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

- . Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 1.981,70 €.
 - . Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
 - . Cartel indicador: 120,00 €.
- Total: 2.221,70 euros.

2.2. A VICTORIA BEATRIZ PIÑEIRO VIDAL, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en A Igrexa, nº 40, parroquia de Calo, R.C.: 15083B508010530000SU, (Expte. electrónico 2019/U022/000031), segundo proxecto redactado polo arquitecto Diego Lareo Castro.

Expediente núm: **20/2020**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Diego Lareo Castro, visado no colexio oficial de arquitectos con data 12.03.2020.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, asinado pola sra. Piñeiro.

-Figura no expediente aval bancario da entidade "Abanca", por importe de 3.010,95 euros, como garantía da correcta execución das obras de urbanización.

- Figura no expediente resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo, expte. 3170/19, autorizando as obras coa suxestión e condicións sinaladas no informe do arquitecto do Servizo de Xestión Cultural.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

-Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuran no documento de cesión asinado pola promotora.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: ORDENANZA U-3, Residencial de baixa densidade en tipoloxía exenta

-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR

-Arquitecto/a director/a das obras: Diego Lareo Castro

-Arquitecto/a técnico/a director/a: Francisco Antonio Fragoso Pena

-Coordinador/a de seguridade e saúde: Francisco Antonio Fragoso Pena

-Edificabilidade: 0,28 m²/m²

-Altura máxima: B+1 5,75 m.

-.Posición da edificación:

Ocupación máxima: 23,35 %

Recuamento á aliñación: >3,00 m

Recuamento a lindeiros: 10,50 m

Pendente máxima de cuberta: 1º

Altura do cumio: 0,00 m.

Aproveitamento baixo cuberta: Non

Prazas de aparcamento: 2 prazas

-Presuposto: 259.380,11 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 5.187,60 €.

-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 380,87 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 5.688,47 euros.

2.3. A CARLOS ROBERTO MOSQUERA ROEL, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Vilar de Calo, nº 69, parroquia de Calo, R.C.: 15083A514026060001LQ, (Expte. electrónico 2020/U022/000003), segundo proxecto redactado polo arquitecto Jorge Gómez Moar.

Expediente núm: **21/2020**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Jorge Gómez Moar, visado no colexio oficial de arquitectos con data 12.02.2020.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie de 192,00 m², asinado polo sr. Roel.

-Figura no expediente aval bancario da entidade “Abanca”, por importe de 17.184,97 euros, como garantía da correcta execución das obras de urbanización.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

-Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuran no documento de cesión asinado pola promotora.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: ORDENANZA U-3a, Residencial de baixa densidade en tipoloxía exenta

-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR

-Arquitecto/a director/a das obras: Jorge Gómez Moar

-Arquitecto/a técnico/a director/a: Pablo Ferreira Souto

-Coordinador/a de seguridade e saúde: Pablo Ferreira Souto

-Edificabilidade: 0,24 m²/m²

-Altura máxima: B+1 6,68 m.

-.Posición da edificación:



Ocupación máxima: 18 %
Recuamento á aliñación: 4,43 m
Recuamento a lindeiros: 3,23 m

Pendente máxima de cuberta: 1°

Altura do cumio: 0,00 m.

Aproveitamento baixo cuberta: Non

Prazas de aparcamento: 2 prazas

-Presuposto: 220.000,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 4.400,00 €.

-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 219,00 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 4.739,00 euros.

2.4.- A CARLOS RODRÍGUEZ PUENTE, en representación da **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RÚA CASTIÑEIRO, Nº 7, OS TILOS**, licenza para instalación dun ascensor no edificio de vivendas sito na rúa Castiñeiro, nº 7, Urbanización Os Tilos, parroquia de San Francisco de Asis (Expte. electrónico 2019/U022/000024), segundo proxecto redactado polo arquitecto Carlos Rodríguez Puente.

Expediente núm: **22/2020**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Carlos Rodríguez Puente, visado no colexio oficial de arquitectos con data 05.06.2019, e documentación modificada, presentada o 12 de marzo de 2020.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

-Presuposto: 82.500,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

- . Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional):
1.650,00 €. (Bonificación 10%) -165,00 €. = 1.485,00 €.
 - . Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
 - . Cartel indicador: 120,00 €.
- Total: 1.665,00 euros.

2.5.-A FRANCISCO JAVIER POSE SANTOS, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Feros, nº 10, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B50302340000SB, (Expte. electrónico 2019/U022/000033), segundo proxecto redactado polo arquitecto Alberto Corral Corral.

Expediente núm: **23/2020**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Alberto Corral Corral, visado no colexio oficial de arquitectos con datas 15.01.2020 e 12.03.2020.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Figura no expediente resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo, expte. 2155/19, autorizando as obras.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da

conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: ORDENANZA N1, Núcleo rural tradicional

-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR

-Arquitecto/a director/a das obras: Alberto Corral Corral

-Arquitecto/a técnico/a director/a: Pablo Reboredo Canosa

-Coordinador/a de seguridade e saúde: Pablo Reboredo Canosa

-Edificabilidade: 0,14 m²/m²

-Altura máxima: B 3,16 m.

-.Posición da edificación:

Ocupación máxima: 17%

Recuamento á aliñación: 5,00 m

Recuamento a lindeiros: 3,00 m

Pendente máxima de cuberta: 20°

Altura do cumio: 1,15 m.

Aproveitamento baixo cuberta: Non

Prazas de aparcamento: 1 praza

-Presuposto: 53.520,60 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 1.070,41 €.

-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 1.250,41 euros.

2.6. A ANA ISABEL RAMOS LAVANDEIRA, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Feros, nº 8, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503023610000SJ, (Expte. electrónico 2019/U022/000034), segundo proxecto redactado polo arquitecto Alberto Corral Corral.

Expediente núm: **24/2020**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Alberto Corral Corral, visado no colexio oficial de arquitectos con datas 09.01.2020 e 12.03.2020.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Figura no expediente resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo, expte. 2157/19, autorizando as obras.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisiones de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: ORDENANZA N1, Núcleo rural tradicional

-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR

-Arquitecto/a director/a das obras: Alberto Corral Corral

-Arquitecto/a técnico/a director/a: Pablo Reboredo Canosa

-Coordinador/a de seguridade e saúde: Pablo Reboredo Canosa

-Edificabilidade: 0,15 m²/m²

-Altura máxima: B 3,16 m.

-.Posición da edificación:

Ocupación máxima: 18%

Recuamento á aliñación: 5,00 m

Recuamento a lindeiros: 3,00 m

Pendente máxima de cuberta: 20°

Altura do cumio: 1,15 m.

Aproveitamento baixo cuberta: Non

Prazas de aparcamento: 1 praza

-Presuposto: 56.688,79 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 1.133,78 €.

-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 1.313,78 euros.

2.7. A JESÚS CHAVES RIVAS, licenza para segregación (cinco parcelas) da finca nº 628 de concentración de San Miguel de Raris, sita en Outeiro de Reis, R.C.: 15083B510006280000ST, segundo proxecto redactado polo técnico José Ramón Pardal Pardal.

Expediente núm: **25/2020**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 11 de xuño de 2019 (rex. entrada núm. 201900000003896) e o anexo presentado o 10 de abril de 2020 (rex. entrada núm. 202099900000307), redactados polo técnico José Ramón Pardal Pardal.

-Terase que ter en conta a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento recollida no artigo 150.5 da Lei do Solo de Galicia.

-As parcelas resultantes son:

	PXOM	Resto finca matriz	Parcela 1	Parcela 2	Parcela 3	Parcela 4	Cesión
Ordenanza de aplicación	N2	N2	N2	N2	N2	N2	N2
Superficie mínima	600 m ²	3186,00 m ²	2370,00 m ²	2370,00 m ²	2370,00 m ²	2370,00 m ²	1190,00 m ²
Fronte mínimo	14 m	40,75 m	30,40 m	32,32 m	64,92 m	41,77 m	

- A eficacia da licenza condiciónase á inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello dos terreos sitos fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, segundo o establecido nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 300,00 €.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRIMEIRA UTILIZACIÓN.

2.8.- Escrito presentado por Francisco Negreira del Río, en representación de GASOLINAS LUBRIFICANTES, REPUESTOS SA, en data 15 maio de 2020, con rexistro de entrada no Concello núm. 202099900000444, no que solicita licenza de primeira utilización.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 8 de xuño de 2020, o informe xurídico de Secretaría de data 3 de xullo de 2020, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)) acorda:

Primeiro.- Conceder a **Francisco Negreira del Río, en representación de GASOLINAS LUBRIFICANTES, REPUESTOS SA**, a LICENZA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN (**expte P.U.-543-01/2020**), para un centro de servizos, consistente en supermercado, cafetería, zona de ocio infantil e aparcamento, en Travesía da Ramallosa, 7, parroquia de Lucí, R.C.: 001300400NH33H0001KX, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 28/18, concedida, pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 16.07.2018.

A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Segundo.-Aprobar as seguintes liquidacións:

-Taxa pola expedición de licenza urbanística - primeira utilización: 120,00 €

-Imposto sobre construcións, instalacións e obras:

.-Liquidación final de obra executada: 601.666,42 euros.

.-Presuposto licenza nº 28/18: 553.533,00 euros.

.-Diferenza: 48.133,42 euros.

Tipo: 2% de 48.133,42 euros: 962,67 euros.

Total débeda: 1.082,67 euros.

3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE ICIO A D. MARCIAL MEJUTO CORTIZO.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 3 de xullo de 2020 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia presentada por D. Marcial Mejuto Cortizo en data 19/06/2020 con nº RE 2542 pola cal solicitan a devolución do importe ingresado en concepto de ICIO por importe de 226,00€ debido ao seu desestimento.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto en data 03/07/2020, favorable á devolución.

Considerando o disposto no artigo 221.1 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, así como nos artigos 15 e ss. do Real Decreto 520/2005, de 13 de maio.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Estimar a solicitude presentada por D. Marcial Mejuto Cortizo en data 19/06/2020 con nº RE 2542, e recoñecerlle o dereito á devolución do importe aboadado en concepto de ICIO por obra da que se desiste, que ascende a 226,00€.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado, contra o cal poderá interpor o recurso de reposición a que fai referencia o artigo 21 do RD 520/2005, de 13 de maio.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo aos servizos económicos e urbanísticos aos efectos oportunos.”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 340), acorda:

Primeiro.- Estimar a solicitude presentada por D. Marcial Mejuto Cortizo en data 19/06/2020 con nº RE 2542, e recoñecerlle o dereito á devolución do importe aboado en concepto de ICIO por obra da que se desiste, que ascende a 226,00€.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado, contra o cal poderá interpor o recurso de reposición a que fai referencia o artigo 21 do RD 520/2005, de 13 de maio.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo aos servizos económicos e urbanísticos aos efectos oportunos.

4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAL A D.^a SILVIA FERNÁNDEZ MANEIRO.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 3 de xullo de 2020 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia presentada en data 10/07/2019 por D^a Silvia Fernández Maneiro, de devolución da garantía de obras de urbanización de treito de fronte de parcela en Cantoña 8 Luou.

Visto o informe do técnico municipal, de data 11/06/2020, segundo o cal procede a devolución da fianza.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 03/07/2020, favorable á devolución.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituída por D^a. Silvia Fernández Maneiro para obra de referencia, por importe de **300,00€**, devolvéndoselle a citada fianza á interesada.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus

membros presentes e por delegación da alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 340),
acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituída por D^a. Silvia Fernández Maneiro para obra de referencia, por importe de 300,00€, devolvéndoselle a citada fianza á interesada.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

5.- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE DO CONCELLO DE TEO. CURSO ACADÉMICO 2019/2020.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Comisión Avaliadora das axudas de ensino e transporte, de 1 de xullo de 2020, que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DE CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE DO CONCELLO DE TEO. CURSO ACADÉMICO 2019/2020

A Xunta de Goberno Local na sesión de data 21/10/2019, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019: res 552/19 e 526/19) acordou aprobar as bases reguladoras da convocatoria de axudas de ensino e o transporte do Concello de Teo para o curso académico 2019/2020. A convocatoria publicouse no Boletín Oficial da Provincia número 204 de data 25/10/2019, no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal.

Unha vez publicada a convocatoria no BOP ábrese un prazo de presentación de solicitudes de 20 días hábiles (dende o 28/10/2019 ata o 26/11/2019).

Examinada a documentación presentada en prazo, esta comisión avaliadora realizou, con data 12 de marzo de 2020, unha primeira proposta de subsanación de erros, de acordo coa base oitava, que se publicou no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal e os interesados tiveron un prazo para a subsanación de documentación tal e como establecen as bases da convocatoria.

Dito prazo de subsanación modificouse como consecuencia da evolución da pandemia do coronavirus COVID-19, e co fin de evitar na medida do posible a afluencia de público no rexistro xeral do Concello e posibilitar o cumprimento pola cidadanía que debería achegar documentación para a continuación do procedemento, (Res 263/2020 de data 13 de marzo de 2020). Aavogáronse as competencias da Xunta de Goberno Local e acordouse modificar o prazo de subsanación establecido na base oitava desta convocatoria, ampliándoo a un mes.

Considerando que, conforme aos apartados 1 e 2 da disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, suspéndéronse os termos e interrompéronse os prazos para a tramitación dos procedementos de todas as entidades do sector público, dito prazo tamén se viu suspendido ata o 1 de xuño de 2020, data na que se reanudou o prazo en virtude do Decreto 537/2020, de 22 de maio.

Mediante resolución de Alcaldía de data 15 de maio de 2020 (res 399/2020) acórdase a continuación do procedemento de concesión de axudas de ensino e transporte en relación coas solicitudes que estén completas no momento inicial co obxecto de atender as necesidades de familias cuxa situación económica resultou afectada polas consecuencias da crise sanitaria e tendo en conta que non se ocasionaría prexuízo algún aos demais interesados, habida conta de que non se esgotaría o límite máximo de crédito orzamentario previsto vistas as solicitudes presentadas ao abeiro da convocatoria. A este respecto xa se aprobou un primeiro pago por importe de 20.071,92€.

Vista a documentación presentada durante o prazo de subsanación de documentación e atendendo aos criterios establecidos na base sexta da convocatoria, considerando o límite máximo de crédito orzamentario dispoñible de 35.000€, fixado na base sétima da citada convocatoria, e tendo en conta que polos motivos expostos quedaría pendente un segundo pago por importe de 7.252,08€ que agora se propón.

(..)

Examinada a documentación complementaria presentada, esta comisión avaliadora eleva á Xunta de Goberno Local a proposta de adxudicación e pago de axudas de ensino e transporte para o **curso académico 2019/2020**, anteriormente transcrita, e correspondente ao segundo pago das axudas deste curso académico.”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 340), acorda:

Primeiro.- Aprobar a proposta de adxudicación e pago de axudas de ensino e transporte para o curso académico 2019/2020 feita pola comisión de valoración en data 1 de xullo de 2020, que se transcribe a continuación:

ALUMNO/A	AXUDA SOLICITADA		IMPORTE CONCEDIDO		CAUSA EXCLUSIÓN
	ENSINO	TRANSPORTE	ENSINO	TRANSPORTE	
ARCA ALMONTE HUGO ALBERTO	X		0,00€		DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN
ATRIO MONTES CARLA	X		0,00€		INCUMPRE BASE 6ª
ATRIO MONTES GAEL	X		0,00€		INCUMPRE BASE 6ª
AYUDE LOPEZ ANTIA	X		100,00€		
AYUDE LOPEZ IKER	X		100,00€		
BALADO PEREZ AINHOA		X		0,00€	INCUMPRE BASE 2ª G)
BARRAL IGLESIAS SALETA CARMEN	X		100,00€		
BARRAL PEREZ BEATRIZ	X		80,00€		

ALUMNO/A	AXUDA SOLICITADA		IMPORTE CONCEDIDO		CAUSA EXCLUSIÓN
	ENSINO	TRANSPORTE	ENSINO	TRANSPORTE	
BARREIRO COPPOLA ALEXANDRE	X	X	0,00€	0,00€	DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN
BARREIRO FERNANDEZ AROA	X		100,00€		
BARREIRO FERNANDEZ IRIS	X		22,52€		
BARREIRO FERNANDEZ MARA	X		12,20€		
BASTEIRO DE LA PEÑA DARIO	X		0,00€		INCUMPRE BASE 6ª
BASTEIRO DE LA PEÑA SAMUEL	X		0,00€		INCUMPRE BASE 6ª
BELLO PEROL RUBEN	X	X	200,00€	200,00€	
BESTILLEIRO BARREIRO IGNACIO	X		0,00€		DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN
BESTILLEIRO BARREIRO ROI	X		0,00€		DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN
BOGA FARIÑA NATALIA	X		60,90€		
BOGA FARIÑA XIANA	X		44,70€		
BRAÑA RODRIGUEZ NOA	X		75,78€		
BRAVO COBAS UXIA	X		0,00€		DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN
BURES FRANQUEIRA BRAIS	X		150,00€		
CAJARAVILLE VIÑAS IAGO	X		63,14€		
CALVO CARAMES ANDREA	X		100,00€		
CALVO CARAMES DAVID	X		150,00€		
CARBIA VAZQUEZ ANDREA	X	X	0,00€	0,00€	INCUMPRE BASE 6ª
CARBIA VAZQUEZ MARTIN	X		0,00€		INCUMPRE BASE 6ª
CASTELLANOS VILLAVARDE HUGO	X		100,00€		
CASTELLANOS VILLAVARDE NEREA	X		100,00€		
CASTILLO CREGO ANDRES	X	X	150,00€	0,00€	AXUDA TRANSPORTE: INCUMPRE BASE 2ª G)
CEBEIRO PEREZ JOSE MANUEL	X		100,00€		



ALUMNO/A	AXUDA SOLICITADA		IMPORTE CONCEDIDO		CAUSA EXCLUSIÓN
	ENSINO	TRANSPORTE	ENSINO	TRANSPORTE	
CEPEDA MENDOZA ANXO	X		0,00€		DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN
CEREIJO FREIRE JUAN ALBERTO	X	X	0,00€	0,00€	DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN
CLARO VEGA LUCIA	X		150,00€		
CLARO VEGA SARA	X		100,00€		
CONDE DOCE NEREA		X		0,00€	INCUMPRE BASE 2ª G)
CORIA CARBAJOSA MARTIN	X		0,00€		INCUMPRE BASE 6ª
COUSO VIANA ANDRES	X	X	150,00€	0,00€	AXUDA TRANSPORTE: INCUMPRE BASE 2ª G)
COUSO VIANA ANTON	X	X	200,00€	200,00€	
COUSO VIANA MATEO	X	X	150,00€	0,00€	AXUDA TRANSPORTE: INCUMPRE BASE 2ª G)
DAPENA LEMA ANDREA	X		91,45€		
DEL ARBOL MARTINEZ TIAGO RAFAEL	X		0,00€		DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN
DIAZ PIÑEIRO CAROLINA	X		100,00€		
DOMINGOS DOS SANTOS ROOSEWELT	X		0,00€		DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN
FALGUERA PEREZ MARTA		X		0,00€	SOLICITUDE PRESENTADA FÓRA DE PRAZO
FERNANDEZ GARCIA CAROLINA	X		39,06€		
FERNANDEZ REIMUNDEZ UXIA	X		59,48€		
FERNANDEZ TELJEIRO IRENE	X		0,00€		DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN
FIGUEIRA PEREZ AITOR	X		150,00€		
GAGO CASTELAO MARTA	X	X	200,00€	200,00€	
GAGO CASTELAO NURIA	X		100,00€		
GAMAS BELLO VICTOR		X		0,00€	DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN

ALUMNO/A	AXUDA SOLICITADA		IMPORTE CONCEDIDO		CAUSA EXCLUSIÓN
	ENSINO	TRANSPORTE	ENSINO	TRANSPORTE	
GARABATO PENIDO ARIADNA	X		0,00€		DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN
GARABATO PENIDO CARLOTA	X		0,00€		DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN
GARABATO PENIDO VALERIA	X		0,00€		DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN
GARABOA GOMEZ ALBA	X		0,00€		DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN
GARCIA ANTELO CLAUDIA	X		0,00€		DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN
GARCIA CAO SIMON	X		80,00€		
GARCIA GONZALEZ EMMA	X		0,00€		INCUMPRE BASE 6ª
GARCIA MARTINEZ ANTIA	X		39,49€		
GARCIA MARTINEZ SARA	X		100,00€		
GARCIA MILLAN LARA	X		0,00€		DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN
GARCIA RUSSI SERGIO GABRIEL	X		0,00€		INCUMPRE BASE 6ª
GOMEZ DOPAZO LARA	X		81,40€		
GOMEZ DOPAZO NICOLAS	X		81,41€		
GONZALEZ LOPEZ DANIEL	X		0,00€		DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN
GONZALEZ LOPEZ ELIANA	X		0,00€		DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN
LOPEZ PEREZ LARA	X		0,00€		INCUMPRE BASE 6ª
LOURIDO REGUEIRA IRENE		X		0,00€	DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN
LOURO CALVO LOLA	X		0,00€		DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN
MARTINEZ GOMEZ NICOLAS	X		0,00€		DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN
MELLA PAZOS LARA	X		0,00€		DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN

ALUMNO/A	AXUDA SOLICITADA		IMPORTE CONCEDIDO		CAUSA EXCLUSIÓN
	ENSINO	TRANSPORTE	ENSINO	TRANSPORTE	
MELLA VARELA DIEGO		X		0,00€	INCUMPRE BASE 2ª G)
MIGUELEZ SUAREZ YAGO	X		0,00€		DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN
MONTOTO IGLESIAS LAURA	X		99,75€		
MONTOTO IGLESIAS OSCAR	X	X	150,00€	0,00€	AXUDA TRANSPORTE: INCUMPRE BASE 2ª G)
MONTOTO IGLESIAS RUBEN	X		100,00€		
MUÑIZ PAZOS LUCIA	X		0,00€		INCUMPRE BASE 6ª
NIETO VAZQUEZ YAGO	X		0,00€		DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN
NUÑEZ BALADO SANDRA		X		0,00€	INCUMPRE BASE 2ª G)
ORTEGON SOBREDO MARIO	X		100,00€		
PALOMANES GARCIA GAEL	X		0,00€		INCUMPRE BASE 6ª
PAMPIN TABOADA JULIA	X		0,00€		DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN
PEREIRO FERNANDEZ IAGO		X		0,00€	AXUDA TRANSPORTE: INCUMPRE BASE 2ª G)
PICARDO MIGUEZ CHRISTIAN	X		83,40€		
PICARDO MIGUEZ REBECCA	X		77,91€		
PINTOS POLLAN AGUSTIN	X		150,00€		
RECOUSO MEJUTO CARLA	X		0,00€		DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN
RECOUSO PEDREIRA AARON		X		0,00€	AXUDA TRANSPORTE: INCUMPRE BASE 2ª G)
REPRESA MONTENEGRO JULIO BENITO	X	X	0,00€	0,00€	INCUMPRE BASE 6ª
REQUEIJO AYUDE IRIA	X		150,00€		
REQUEIJO AYUDE MANUEL	X		150,00€		
REY BARREIRO NICOLAS	X	X	0,00€	0,00€	INCUMPRE BASE 2ª A), CENTRO DE ENSINO

ALUMNO/A	AXUDA SOLICITADA		IMPORTE CONCEDIDO		CAUSA EXCLUSIÓN
	ENSINO	TRANSPORTE	ENSINO	TRANSPORTE	
REY FERNANDEZ MANUEL	X		0,00€		INCUMPRE BASE 6ª
REY FERNANDEZ UXUE	X		0,00€		INCUMPRE BASE 6ª
REY PIÑEIRO NICOLAS	X		100,00€		
RIOMAO HERNANDEZ XAVI	X		0,00€		DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN
RIVADULLA BALEATO CLAUDIA	X		0,00€		DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN
RIVADULLA BALEATO SARA	X		0,00€		DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN
RODRIGUEZ SALGUEIRO IAGO	X		100,00€		
RODRIGUEZ SALGUEIRO RAUL	X		100,00€		
SALGUEIRO MELLA TANIA	X		100,00€		
SANCHEZ MAGARIÑOS BRAIS	X	X	0,00€	0,00€	DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN
SANCHEZ PICADO EVA	X		0,00€		INCUMPRE BASE 6ª
SANCHEZ PICADO PEDRO	X		0,00€		INCUMPRE BASE 6ª
SERRANO MATA SARA	X		0,00€		DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN
SIGUEIRO PAULOS SARA	X	X	200,00€	200,00€	
SUAREZ ALVAREZ MENCIA	X		200,00€		
SUEIRO PASCUAL BRAIS	X		100,00€		
SUEIRO PASCUAL IRIA	X		100,00€		
TEJO IGLESIAS VALENTINA	X		57,85€		
TORREIRA FIUZA ALICIA	X		0,00€		INCUMPRE BASE 2ª A), CENTRO DE ENSINO
TORRES GOMEZ XIANA	X		50,00€		
TORRES NIETO ANDREA	X		100,00€		
TORRES NIETO ROCIO	X		100,00€		

ALUMNO/A	AXUDA SOLICITADA		IMPORTE CONCEDIDO		CAUSA EXCLUSIÓN
	ENSINO	TRANSPORTE	ENSINO	TRANSPORTE	
VAAMONDE CUBA ANGELI VALENTINA	X		0,00€		DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN
VAAMONDE CUBA CARLOS MANUEL	X		0,00€		DESISTIMENTO: NON SUBSANA DOCUMENTACIÓN
VALIÑO BERNARDEZ CARLOTA	X		0,00€		INCUMPRE BASE 6ª
VALIÑO BERNARDEZ NOELIA	X	X	0,00€	0,00€	INCUMPRE BASE 6ª
VARELA GUERRA LEONOR	X		50,52€		
VEIGA CASTIÑEIRAS HUGO	X		86,91€		
VEIGA CASTIÑEIRAS RUBEN	X		64,21€		
VENCE COYA MYRIAM	X		200,00€		
VILELA CARRO BRAIS	X		0,00€		INCUMPRE BASE 6ª
VILELA CARRO ROI	X		0,00€		INCUMPRE BASE 6ª
VILELA CARRO XAVI	X		0,00€		INCUMPRE BASE 6ª
TOTAL (ENSINO E TRANSPORTE)			6.452,08€	800,00€	
TOTAL XERAL ASIGNADO				7.252,08€	

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Intervención aos efectos oportunos.

6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN “REURBANIZACIÓN NÚCLEO SESTELO, RARÍS. POS+2019 (O-7/2020)”.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 3 de xullo de 2020 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN EXPTE. CONTRATACIÓN REURBANIZACIÓN NÚCLEO SESTELO, RARÍS .POS+ 2019 (O-7/2020)

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de febreiro de 2020 pola que, en relación ao expediente de contratación REURBANIZACIÓN NÚCLEO SESTELO, RARÍS. POS+ 2019 (O-7/2020), mótivase a súa necesidade e acórdase iniciar o expediente de contratación e incorporar a

acta de reformulo do proxecto, o informe técnico de contratación, certificado de existencia de crédito, os pregos de cláusulas administrativas particulares e os informes de Secretaría e Intervención, e onde se fai constar o financiamento ao abeiro do POS+2019.

Incorporada ao expediente a seguinte documentación:

- Certificado de existencia de crédito de data 3 de marzo de 2020.
- Acta de reformulo previo de data de data 9 de xuño de 2020.
- Informe técnico de contratación de data de data 9 de xuño de 2020.
- Prego tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, de data 16 de xuño de 2020.
- Informe da adxunta a secretaría de data 17 de xuño de 2020.
- Informe de fiscalización de Intervención de data 22 de xuño de 2020.

Vistos os artigos 116 e 117 e a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, propónse á Xunta de Goberno Local en calidade de órgano de contratación, coa competencia delegada pola Alcaldía (res. 522/2019 de 3 de xullo), avocada por Decreto de Alcaldía do 28 de abril de 2020 polo estado de alarma xerado polo COVID-19 (res. 370/2020) e delegada por Decreto de Alcaldía do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación para a execución das obras previstas no proxecto denominado REURBANIZACIÓN NÚCLEO SESTELO, RARÍS. POS+ 2019 (O-7/2020), mediante procedemento aberto simplificado, con aplicación de fórmulas.

Segundo.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, cos seus anexos, de data 16 de xuño de 2020, que rexerán a contratación.

Terceiro.- Aprobar, pola contía de 326.377,00 € (269.733,06 € + 56.643,94 € de IVE), o gasto que representa a dita contratación, con cargo á partida orzamentaria 450/619.00 do estado de gastos do orzamento municipal.

Cuarto.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación, publicando o anuncio de licitación no perfil do contratante do órgano de contratación (Plataforma de Contratación do Sector Público), para que os interesados poidan presentar as proposicións que consideren pertinentes, durante o prazo de 20 días naturais desde a citada publicación.

Quinto.- Determinar a composición da mesa de contratación, que deberá constituírse para a apertura de proposicións, e que estará integrada polos membros que se indican a continuación:

Presidenta: Uxía Lemus de la Iglesia, concelleira de urbanismo, seguridade cidadá, enerxía e sostibilidade.

Vogais:

- Virginia Fraga Díaz, secretaria xeral do concello.
- Mónica Isabel Lado Varela, interventora do concello.
- Ignacio Soto González, arquitecto municipal.
- Margarita Rosende Domínguez, vogal, concelleira do grupo municipal do PP.

Secretaria:

M^a Elena Sueiro Fernández, adxunta a secretaria xeral do concello.

Suplentes: Os membros da mesa de contratación poderán ser substituídos por causa xustificada. A estes efectos a presidenta será substituída polo alcalde, a secretaria e a interventora serán substituídas polo/a funcionario/a que legalmente as supla, o arquitecto municipal polo arquitecto técnico municipal don Luís Javier Castro Martínez e e a concelleira Margarita Rosende Domínguez pola concelleira María Vázquez Rey. A secretaria da mesa será substituída por un/unha funcionario/a municipal.

Sexto.- Publicar o presente acordo no perfil do contratante de acordo co disposto no artigo 117 da LCSP.”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 340), acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación para a execución das obras previstas no proxecto denominado REURBANIZACIÓN NÚCLEO SESTELO, RARÍS. POS+ 2019 (O-7/2020), mediante procedemento aberto simplificado, con aplicación de fórmulas.

Segundo.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, cos seus anexos, de data 16 de xuño de 2020, que rexerán a contratación.

Terceiro.- Aprobar, pola contía de 326.377,00 € (269.733,06 € + 56.643,94 € de IVE), o gasto que representa a dita contratación, con cargo á partida orzamentaria 450/619.00 do estado de gastos do orzamento municipal.

Cuarto.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación, publicando o anuncio de licitación no perfil do contratante do órgano de contratación (Plataforma de Contratación do Sector Público), para que os interesados poidan presentar as proposicións que consideren pertinentes, durante o prazo de 20 días naturais desde a citada publicación.

Quinto.- Determinar a composición da mesa de contratación, que deberá constituírse para a apertura de proposicións, e que estará integrada polos membros que se indican a continuación:

Presidenta: Uxía Lemus de la Iglesia, concelleira de urbanismo, seguridade cidadá, enerxía e sostibilidade.

Vogais:

- Virginia Fraga Díaz, secretaria xeral do concello.
- Mónica Isabel Lado Varela, interventora do concello.
- Ignacio Soto González, arquitecto municipal.
- Margarita Rosende Domínguez, vogal, concelleira do grupo municipal do PP.

Secretaria:

M^a Elena Sueiro Fernández, adxunta a secretaria xeral do concello.

Suplentes: Os membros da mesa de contratación poderán ser substituídos por causa xustificada. A estes efectos a presidenta será substituída polo alcalde, a secretaria e a interventora serán substituídas polo/a funcionario/a que legalmente as supla, o arquitecto municipal polo arquitecto técnico municipal don Luís Javier Castro Martínez e a concelleira Margarita Rosende Domínguez pola concelleira María Vázquez Rey. A secretaria da mesa será substituída por un/unha funcionario/a municipal.

Sexto.- Publicar o presente acordo no perfil do contratante de acordo co disposto no artigo 117 da LCSP.

7.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN “SENDA PEONIL ENTRE SAN DOMINGOS E CENTRO DE SAÚDE DE FOLGUEIRAS, CALO (POS+ 2019) (O-10/2020)”.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 3 de xullo de 2020 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN EXPTE. CONTRATACIÓN SENDA PEONIL ENTRE SAN DOMINGOS E CENTRO DE SAÚDE DE FOLGUEIRAS, CALO (POS+ 2019) (O-10/2020)

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de febreiro de 2020 pola que, en relación ao expediente de contratación SENDA PEONIL ENTRE SAN DOMINGOS E CENTRO DE SAÚDE DE FOLGUEIRAS, CALO (POS+ 2019) (O-10/2020), motivase a súa necesidade e acórdase iniciar o expediente de contratación e incorporar a acta de reformulo do proxecto, o informe técnico de contratación, certificado de existencia de crédito, os pregos de cláusulas administrativas particulares

e os informes de Secretaría e Intervención, e onde se fai constar o financiamento ao abeiro do POS+2019.

Incorporada ao expediente a seguinte documentación:

- Certificado de existencia de crédito de data 19 de febreiro de 2020.
- Acta de reformulo previo de data de data 9 de xuño de 2020.
- Informe técnico de contratación de data de data 9 de xuño de 2020.
- Prego tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, de data 16 de xuño de 2020.
- Informe da adxunta a secretaría de data 17 de xuño de 2020.
- Informe de fiscalización de Intervención de data 22 de xuño de 2020.

Vistos os artigos 116 e 117 e a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, propónse á Xunta de Goberno Local en calidade de órgano de contratación, coa competencia delegada pola Alcaldía (res. 522/2019 de 3 de xullo), avocada por Decreto de Alcaldía do 28 de abril de 2020 polo estado de alarma xerado polo COVID-19 (res. 370/2020) e delegada por Decreto de Alcaldía do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación para a execución das obras previstas no proxecto denominado SENDA PEONIL ENTRE SAN DOMINGOS E CENTRO DE SAÚDE DE FOLGUEIRAS, CALO (POS+ 2019) (O-10/2020), mediante procedemento aberto simplificado, con aplicación de fórmulas.

Segundo.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, cos seus anexos, de data 16 de xuño de 2020, que rexerán a contratación.

Terceiro.- Aprobar, pola contía de 315.951,93 € (261.117,30 € + 54.834,63 € de IVE), o gasto que representa a dita contratación, con cargo á partida orzamentaria 453/619.00 do estado de gastos do orzamento municipal.

Cuarto.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación, publicando o anuncio de licitación no perfil do contratante do órgano de contratación (Plataforma de Contratación do Sector Público), para que os interesados poidan presentar as proposicións que consideren pertinentes, durante o prazo de 20 días naturais desde a citada publicación.

Quinto.- Determinar a composición da mesa de contratación, que deberá constituírse para a apertura de proposicións, e que estará integrada polos membros que se indican a continuación:

Presidenta: Uxía Lemus de la Iglesia, concelleira de urbanismo, seguridade cidadá, enerxía e sostibilidade.

Vogais:

- Virginia Fraga Díaz, secretaria xeral do concello.
- Mónica Isabel Lado Varela, interventora do concello.
- Ignacio Soto González, arquitecto municipal.
- Manuel Anxo Fernández Baz, vogal, concelleiro do grupo municipal do BNG.

Secretaria:

M^a Elena Sueiro Fernández, adxunta a secretaria xeral do concello.

Suplentes: Os membros da mesa de contratación poderán ser substituídos por causa xustificada. A estes efectos a presidenta será substituída polo alcalde, a secretaria e a interventora serán substituídas polo/a funcionario/a que legalmente as supla, o arquitecto municipal polo arquitecto técnico municipal don Luís Javier Castro Martínez, e o concelleiro Manuel Anxo Fernández Baz pola concelleira Carmen Diéguez González. A secretaria da mesa será substituída por un/unha funcionario/a municipal.

Sexto.- Publicar o presente acordo no perfil do contratante de acordo co disposto no artigo 117 da LCSP.”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 340), acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación para a execución das obras previstas no proxecto denominado SENDA PEONIL ENTRE SAN DOMINGOS E CENTRO DE SAÚDE DE FOLGUEIRAS, CALO (POS+ 2019) (O-10/2020), mediante procedemento aberto simplificado, con aplicación de fórmulas.

Segundo.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, cos seus anexos, de data 16 de xuño de 2020, que rexerán a contratación.

Terceiro.- Aprobar, pola contía de 315.951,93 € (261.117,30 € + 54.834,63 € de IVE), o gasto que representa a dita contratación, con cargo á partida orzamentaria 453/619.00 do estado de gastos do orzamento municipal.

Cuarto.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación, publicando o anuncio de licitación no perfil do contratante do órgano de contratación (Plataforma de Contratación do Sector Público), para que os interesados poidan presentar as proposicións que consideren pertinentes, durante o prazo de 20 días naturais desde a citada publicación.

Quinto.- Determinar a composición da mesa de contratación, que deberá constituírse para a apertura de proposicións, e que estará integrada polos membros que se indican a continuación:

Presidenta: Uxía Lemus de la Iglesia, concelleira de urbanismo, seguridade cidadá, enerxía e sostibilidade.

Vogais:

- Virginia Fraga Díaz, secretaria xeral do concello.
- Mónica Isabel Lado Varela, interventora do concello.
- Ignacio Soto González, arquitecto municipal.
- Manuel Anxo Fernández Baz, vogal, concelleiro do grupo municipal do BNG.

Secretaria:

M^a Elena Sueiro Fernández, adxunta a secretaria xeral do concello.

Suplentes: Os membros da mesa de contratación poderán ser substituídos por causa xustificada. A estes efectos a presidenta será substituída polo alcalde, a secretaria e a interventora serán substituídas polo/a funcionario/a que legalmente as supla, o arquitecto municipal polo arquitecto técnico municipal don Luís Javier Castro Martínez, e o concelleiro Manuel Anxo Fernández Baz pola concelleira Carmen Diéguez González. A secretaria da mesa será substituída por un/unha funcionario/a municipal.

Sexto.- Publicar o presente acordo no perfil do contratante de acordo co disposto no artigo 117 da LCSP.

8.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e dezasete minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria xeral

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz